

A ENTRADA NA ESCOLA

Estimadas familias:

Desde o Departamento de Orientación do CEIP Francisco Vales Villamarín queremos facervos chegar algunhas consideracións á hora de matricular por vez primeira aos vosos nenos e nenas, tanto no noso centro coma nas Escolas de Educación Infantil dos concellos de Coirós e Paderne, adscritas ao mesmo e pertencentes, polo tanto, a este Departamento.

A educación dos vosos fillos/as é cousa de todos!

Sabemos que ninguén coma vós para coñecer aos vosos fillos e fillas por iso é fundamental a vosa colaboración e precisamos que nos faciliteades a maior información acerca deles.

Para que poidamos contribuir coa vosa labor educativa precisamos dunha fluída relación familia-escola. Contades co titor/a dos vosos fillos/as e co Departamento de Orientación para apoiaros en todo o que precisades.

O **titor** debe ser a persoa de referencia e deberíadaes manter unha reunión ao trimestre para informarvos da evolución do voso fillo/a e adoptar conxuntamente as medidas oportunas, de ser necesarias.

Debedes confiar nos consellos e orientacións do titor e en caso de dúbida ou calquera inquietude podedes acudir ao DO.



Período de adaptación

É un período fundamental para facilitar a adaptación do voso fillo/a á realidade da escola e estar separado dos seus pais.

Debedes respetar os horarios, as normas de entrada e saída para ser un bo exemplo para os vosos fillos/as.

A etapa de Educación Infantil

É, aínda que non é obrigatoria, unha etapa educativa.

Consta de dous ciclos:

- De 0-3 anos
- De 3-6 anos

A súa finalidade é contribuir ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual.

Atenderá progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e os hábitos de control corporal, á comunicación e a linguaxe, pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio no que viven.

A Orientadora é un membro do equipo docente que vos pode asesorar na labor educativa e orientarvos na procura de solución aos problemas que poidan xurdir.

Precisamos a vosa axuda

Precisamos que nos faciliteades a maior información a cerca deles, tanto no comezo da súa escolarización como se xurden algún tipo de problema ao longo da mesma (alergias, problemas de saúde, necesidades educativas especiais, situacións legais de custodia e patria potestade..., ou calquera outro aspecto que consideredes oportuno).

Esperamos participedes activamente na educación dos vosos fillos e fillas, actividades de centro..., e estamos abertos ao diálogo e calquera suxerencia ou opinión que consideredes oportunas.

Gracias pola vosa colaboración



Que é o Departamento de Orientación?

É un equipo de Mestres de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica coordinados pola Orientadora do centro.

Ten como **finalidade** acadar a cooperación de toda a comunidade educativa para lograr o desenvolvemento persoal, social e académico de todo o alumnado do Centro. Pretende ser unha ferramenta máis para facilitar o asesoramento, intervención e seguimento psicopedagóxico ao profesorado, alumnado e familias.

Obxectivo principal

Asesorar ás familias en diferentes temas psicopedagóxicos, así como tamén, ao profesorado para mellorar a labor educativa de todos. Así mesmo, o Departamento, en colaboración con padres e mestres teñen como labor fundamental previr e/ou detectar aqueles problemas que se poidan presentar dentro dos procesos de ensinanza/aprendizaxe.